**CONVENIO ENTRE LA XUNTA DE GALICIA, LA FISCALIA GENERAL DEL ESTADO, LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA Y EL CENTRO DE ESTUDIOS JURÍDICOS, O.A., DEL MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA Y RELACIONES CON LAS CORTES, PARA EL DESARROLLO DE LOS CURSOS DE FORMACIÓN PARA FISCALES EN LA ESCUELA DE VERANO DEL MINISTERIO FISCAL EN EL AÑO 2024**

## REUNIDOS

Por la Xunta de Galicia, el Excmo. Sr. D. **Diego Calvo Pouso**, Consejero de Presidencia, Justicia y Deportes de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 44/2024, de 14 de abril, actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, y en ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia.

Por la Fiscalía General del Estado, el Excmo. Sr. D. **Fernando Suanzes Pérez**, Fiscal Superior de la Comunidad Autónoma de Galicia, nombrado en virtud del Real Decreto 355/2021, de 18 de mayo, por delegación y en representación del Fiscal General del Estado, el Excmo. Sr. D. Álvaro García Ortiz, en virtud del Real Decreto 1182/2023, de 27 de diciembre (BOE núm. 310, de 28 de diciembre de 2023) en el ejercicio de la representación del Ministerio Fiscal en todo el territorio español y de la jefatura superior que le otorga el art 22.2 del Estatuto Orgánico del Ministerio Fiscal.

Por la Diputación Provincial de A Coruña, el Excmo. Sr. D. **Valentín González Formoso**, Presidente, nombrado en la sesión plenaria constitutiva de 18 de julio de 2023, en el ejercicio de su cargo, en representación de la Excelentísima Diputación Provincial de A Coruña, titular del CIF número P1500000C.

**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FISCALÍA XERAL DO ESTADO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS, O.A., DO MINISTERIO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E RELACIÓNS COAS CORTES, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS DE FORMACIÓN PARA FISCAIS DA ESCOLA DE VERÁN DO MINISTERIO FISCAL NO ANO 2024**

## REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, o Excmo. Sr. D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación desta en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Fiscalía Xeral do Estado, o Excmo. Sr. D. **Fernando Suanzes Pérez**, fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia nomeado en virtude do Real decreto 355/2021, do 18 de maio; por delegación e en representación do fiscal xeral do Estado, o Excmo. Sr. D. Álvaro García Ortiz, nomeado en virtude do Real decreto 1182/2023, do 27 de decembro (BOE núm. 310, do 28 de decembro de 2023) e no exercicio da representación do Ministerio Fiscal en todo o territorio español e da xefatura superior que lle outorga o artigo 22.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o Excmo. Sr. D. **Valentín González Formoso**, presidente, nomeado na sesión plenaria constitutiva do 18 de xullo de 2023, no exercicio do seu cargo e en representación da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, titular do CIF número P1500000C. Está

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Está facultado especialmente para este otorgamiento, de conformidad con lo dispuesto en el art. 34.1.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora del Régimen Local, y por el Real Decreto 2568/1986, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

facultado especialmente para este outorgamento, de conformidade co disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e mais no Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A. (Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones con las Cortes) la Sra. D.ª **Laura Cambero Valencia,** directora del Centro de Estudios Jurídicos, organismo autónomo y en lo sucesivo CEJ, nombrada por Real Decreto 216/2024, de 28 de febrero.

Polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A. (Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes), a Sra. Dª **Laura Cambero Valencia**, directora do Centro de Estudos Xurídicos, organismo autónomo, nomeada polo Real Decreto 216/2024, do 28 de febreiro.

Intervienen en virtud de las competencias que cada uno ostenta y mutuamente se reconocen, y

Interveñen en virtude das competencias que cada un porta e mutuamente se recoñecen, e

**EXPONEN:**

**EXPOÑEN:**

**1.** El art. 22.2 del Estatuto Orgánico del Ministerio Fiscal atribuye al Fiscal General del Estado la jefatura superior del Ministerio Fiscal y la facultad para dirigir y ordenar el servicio de la Institución, para lo cual resulta indispensable proceder adecuadamente a la formación de los miembros del Ministerio Fiscal.

Por otra parte, el Estatuto de Autonomía de Galicia, en su artículo 20.1, confiere a la Comunidad Autónoma todas las facultades relativas a la atención de las necesidades de la Administración de Justicia.

Por otra parte, la Diputación Provincial de A Coruña también tiene entre sus fines la participación en actividades que promocionen la formación y la cultura.

Por su parte, el Centro de Estudios Jurídicos (CIF: Q2813002I) es un organismo autónomo adscrito al Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones con las

**1.** O artigo 22.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal atribúelle ao fiscal xeral do Estado a xefatura superior do Ministerio Fiscal e a facultade para dirixir e ordenar o servizo da institución, para o cal resulta indispensable proceder adecuadamente á formación dos membros do Ministerio Fiscal.

Por outra parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 20.1, confírelle á Comunidade Autónoma todas as facultades relativas á atención das necesidades da Administración de xustiza.

Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña tamén ten entre os seus fins a participación en actividades que promovan a formación e a cultura.

Pola súa parte, o Centro de Estudos Xurídicos (co CIF Q2813002I) é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cortes, que según establece el artículo 2 de su Estatuto, tiene por objeto «desarrollar y ejecutar, en colaboración con el Ministerio de Justicia, las políticas de selección y formación de los funcionarios pertenecientes a los Cuerpos de los Letrados de la Administración de Justicia, Médicos Forenses, Facultativos del Instituto Nacional de Toxicología y Ciencias Forenses y demás personal al servicio de la Administración de Justicia. Dicha colaboración se extenderá también a la formación continuada de los Abogados del Estado, en el marco de los planes que elabore la Abogacía General del Estado-Dirección del Servicio Jurídico del Estado.

»2. El Centro de Estudios Jurídicos también tiene por objeto la colaboración con la Fiscalía General del Estado a fin de proporcionar una preparación integral, especializada y de alta calidad a los miembros de la Carrera Fiscal, así como a los aspirantes a ingresar en ella.”

Asimismo, para el cumplimiento de sus objetivos el artículo 3.2.b) de su Estatuto establece que el Centro de Estudios Jurídicos podrá: «Suscribir convenios y mantener relaciones de colaboración e información recíproca con el Consejo General del Poder Judicial, universidades, colegios y asociaciones profesionales, Administraciones públicas y otras instituciones públicas o privadas, para el desarrollo de sus funciones formativas».

**2.** La excelente acogida y el prestigio adquirido por la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal en sus primeras ediciones, con un gran nivel científico y formativo de los cursos que se han celebrado hasta el momento, han aconsejado configurar a la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal como una actividad autónoma y estable con propia sustantividad dentro de los programas de formación de fiscales.

Cortes, que segundo establece o artigo 2 do seu estatuto ten por obxecto «desenvolver e executar, en colaboración co Ministerio de Xustiza, as políticas de selección e formación dos funcionarios pertencentes aos corpos dos letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza. Esta colaboración estenderase tamén á formación continuada dos avogados do Estado no marco dos plans que elabore a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

»2. O Centro de Estudos Xurídicos tamén ten por obxecto a colaboración coa Fiscalía Xeral do Estado co fin de proporcionar unha preparación integral, especializada e de alta calidade aos membros da carreira fiscal, así como aos aspirantes a ingresar nela».

Así mesmo, para o cumprimento dos seus obxectivos o artigo 3.2.b) do seu estatuto establece que o Centro de Estudos Xurídicos poderá: «Subscribir convenios e manter relacións de colaboración e información recíproca co Consello Xeral do Poder Xudicial, universidades, colexios e asociacións profesionais, administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, para o desenvolvemento das súas funcións formativas».

**2.** A excelente acollida e o prestixio adquirido pola Escola de Verán do Ministerio Fiscal nas súas primeiras edicións, cun gran nivel científico e formativo dos cursos que se celebraron ata o momento, aconsellaron configurar a Escola de Verán do Ministerio Fiscal como unha actividade autónoma e estable con substantividade propia dentro dos programas de formación de fiscais.

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. La colaboración entre las partes se concretó el 11 de junio de 2003 en que se suscribió un Acuerdo Marco para el desarrollo y sostenimiento de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" entre la Fiscalía General del Estado, la Xunta de Galicia, la Diputación Provincial de A Coruña, la Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín y el Centro de Estudios Jurídicos de la Administración de Justicia. El citado acuerdo tenía por objeto articular la cooperación entre las entidades referidas para la realización de la actividad denominada "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal", y así mismo dotarla de unas características propias respecto de las demás actividades de formación permanente y establecer un marco que asegurara su continuidad.

Dicho Acuerdo Marco contemplaba el establecimiento de un plan de actuación anual en que se concretaban las actividades programadas dentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal y los medios materiales y personales para acometerlas.

Este Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003 al no haberse adaptado a los requerimientos de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, quedó sin efecto, si bien las partes consideran necesario que la colaboración que en él se articulaba se concrete para garantizar el buen fin de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" en este año 2024 y proceden a la firma de este convenio, que se lleva a cabo con arreglo a las siguientes

3. A colaboración entre as partes concretouse o 11 de xuño de 2003, en que se subscribiu un acordo marco para o desenvolvemento e sostemento da "Escola de Verán do Ministerio Fiscal" entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín e mais o Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza. O citado acordo tiña por obxecto articular a cooperación entre as entidades referidas para a realización da actividade denominada "Escola de Verán do Ministerio Fiscal", e así mesmo dotala dunhas características propias respecto das demais actividades de formación permanente e establecer un marco que asegurase a súa continuidade.

O dito acordo marco prevía o establecemento dun plan de actuación anual en que se concretaban as actividades programadas dentro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal e mais os medios materiais e persoais para acometelas.

Este acordo marco do 11 de xuño de 2003, ao non se adaptar aos requirimentos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quedou sen efecto, se ben as partes consideran necesario que a colaboración que nel se articulaba se concrete para garantir o bo fin da Escola de Verán do Ministerio Fiscal neste ano 2024 e proceden á sinatura do presente convenio, que se leva a cabo de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primera. Objeto del convenio.**

El presente convenio tiene por objeto establecer el contenido concreto de la colaboración que en el año 2024 se articulará entre la Fiscalía

## CLÁUSULAS

**Primeira. Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten por obxecto establecer o contido concreto da colaboración que no ano 2024 se articulará entre a Fiscalía Xeral do

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

General del Estado, la Xunta de Galicia (a través de la Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes), la Diputación Provincial de A Coruña y el Centro de Estudios Jurídicos, O.A. con objeto de celebrar los cursos de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal en el presente año, que tendrá lugar en el Pazo de Mariñán.

Estado, a Xunta de Galicia (a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Xurídicos, O.A., co obxecto de celebrar os cursos da Escola de Verán do Ministerio Fiscal no presente ano, que terá lugar no Pazo de Mariñán.

Este programa está destinado a todos los integrantes de la Carrera Fiscal, en atención a las disponibilidades presupuestarias de las partes, y tiene por objeto establecer un plan de actuación conjunta con las actividades que se programen dentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal para el año 2024.

Este programa está destinado a todos os integrantes da carreira fiscal, en atención ás dispoñibilidades orzamentarias das partes, e ten por obxecto establecer un plan de actuación conxunta coas actividades que se programen dentro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal para o ano 2024.

Durante el año 2024, y tal como se ha indicado con anterioridad, la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal celebrará un encuentro bajo el título de "Las funciones del Ministerio Fiscal en la defensa del interés y los derechos de los y las menores" que se celebrará del 11 al 14 de junio de 2024 en el Pazo de Mariñán, perteneciente a la Diputación Provincial de A Coruña.

Durante o ano 2024, e tal como se indicou con anterioridade, a Escola de Verán do Ministerio Fiscal celebrará un encontro baixo o título de "As funcións do Ministerio Fiscal na defensa do interese e dos dereitos dos e das menores", que terá lugar do 11 ao 14 de xuño de 2024 no Pazo de Mariñán, pertencente á Deputación Provincial da Coruña.

**Segunda. Organización y coordinación de las actividades de formación.**

**Segunda. Organización e coordinación das actividades de formación.**

La Comisión de Seguimiento, apoyada por la Secretaría Técnica de la Fiscalía General del Estado, la Dirección General de Justicia de la Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes, la Diputación Provincial de A Coruña y la Dirección del Centro de Estudios Jurídicos, O.A, asumirá la organización y gestión material de todas las actividades de formación y perfeccionamiento que se desarrollen en el ámbito de este convenio.

A Comisión de Seguimento, apoiada pola Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado, a Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial da Coruña e mais a Dirección do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., asumirá a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito deste convenio.

Estas partes procurarán mantener mecanismos de coordinación a fin de evitar que se interfieran mutuamente las actividades programadas por cada una de ellas no incluidas en el marco del convenio.

Estas partes procurarán manter mecanismos de coordinación a fin de evitar que se interfiran mutuamente as actividades programadas por cada unha delas non incluídas no marco do convenio.

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Tercera. Financiación de la actividad de formación en 2024.**

El coste de realización de los objetivos convenidos para el año 2024 será financiado por las instituciones, mediante aportaciones que se determinarán en función de las acciones que se realicen y de las disponibilidades presupuestarias existentes.

La forma de financiación para la realización de las actividades de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" durante este año 2024, será la siguiente:

- La Xunta de Galicia aportará hasta un máximo de **doce mil quinientos euros** (12.500,00 €) con cargo a la aplicación 35.03.131A.226.06 de los vigentes presupuestos de la Comunidad Autónoma, con asunción de los gastos de traslado interno de asistentes y ponentes (desde el aeropuerto/estación de A Coruña al Pazo de Mariñan –asistentes– u hotel –ponentes– y viceversa, así como los que se necesiten para trasladar a los ponentes entre el hotel y el Pazo de Mariñán) y los gastos de organización del curso (material, asistencia técnica a ponentes, etc.).

- La Diputación Provincial de A Coruña aportará la cantidad de **doce mil doscientos tres euros** (12.203,00 €), correspondientes a los gastos del Pazo de Mariñán durante el encuentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal del presente ejercicio.

- El Centro de Estudios Jurídicos, O.A., correrá con los siguientes gastos, hasta el importe máximo de **doce mil quinientos euros** (12.500 €), con cargo a las aplicaciones presupuestarias 13.101.111R.223, 13.101.111R.226.06, 13.101.111R.230, 13.101.111R.231 y 13.101.111R.233:

Los gastos de transporte, a través de

**Terceira. Financiamento das actividades de formación en 2024.**

O custo de realización dos obxectivos convidos para o ano 2024 será financiado polas institucións mediante achegas que se determinarán en función das accións que se realicen e das dispoñibilidades orzamentarias existentes.

A forma de financiamento para a realización das actividades da Escola de Verán do Ministerio Fiscal durante este ano 2024 será a seguinte:

- A Xunta de Galicia achegará ata un máximo de **doce mil cincocentos euros** (12.500,00 €) con cargo á aplicación 35.03.131A.226.06 dos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma, con asunción dos gastos de traslado interno de asistentes e relatores (desde o/a aeroporto/estación da Coruña ao Pazo de Mariñán –asistentes– ou hotel –relatores– e viceversa, así como os que se necesiten para trasladar os relatores entre o hotel e o Pazo de Mariñán) e mais dos gastos de organización do curso (material, asistencia técnica a relatores, etc.).

- A Deputación Provincial da Coruña fornecerá a cantidade de **doce mil douscentos tres euros** (12.203,00 €), correspondentes aos gastos do Pazo de Mariñán durante o encontro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal do presente exercicio.

- O Centro de Estudos Xurídicos, O.A., correrá cos seguintes gastos, ata o importe máximo de **doce mil cincocentos euros** (12.500,00 €), con cargo ás aplicacións orzamentarias 13.101.111R.223, 13.101.111R.226.06, 13.101.111R.230, 13.101.111R.231 e 13.101.111R.233:

Os gastos de transporte, a través de axencia de viaxes, de asistentes e

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

agencia de viajes, de asistentes y ponentes desde su residencia al aeropuerto/estación de A Coruña y viceversa, y los gastos de transporte de aquellos que utilicen vehículo propio para acudir, así como el alojamiento de ponentes y el pago de las dos medias dietas de manutención a cada uno de los miembros de la carrera fiscal que asistan a esta actividad.

relatores desde a súa residencia ao/á aeroporto/estación da Coruña e viceversa, e os gastos de transporte daqueles que utilicen vehículo propio para acudir, así como o aloxamento de relatores e o pago das dúas medias axudas de custo de manutención a cada un dos membros da carreira fiscal que asistan a esta actividade.

Los correspondientes a retribuciones a ponentes y a la publicación de las ponencias y mesas redondas, en los mismos términos que el resto de los cursos de formación continua del Ministerio Fiscal, liquidándose según los baremos de retribuciones del CEJ por actuaciones formativas, grupos de trabajo e investigación previamente informados favorablemente por el Ministerio de Hacienda.

Os correspondentes a retribucións a relatores e á publicación dos relatorios e mesas redondas, nos mesmos termos ca no resto dos cursos de formación continua do Ministerio Fiscal, liquidándose segundo os baremos de retribucións do Centro de Estudos Xurídicos por actuacións formativas, grupos de traballo e investigación, previamente informados favorablemente polo Ministerio de Facenda.

La Diputación Provincial de A Coruña asumirá los gastos generados por el uso de las instalaciones y servicios del Pazo de Mariñán por parte de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal, hasta el importe máximo ya indicado. Se incluyen en el patrocinio los servicios comprendidos en las tarifas primera (alojamiento), segunda (manutención solamente), tercera (cesión de locales e instalaciones) y cuarta (servicios extras) del precio público por la utilización del Pazo de Mariñán, de acuerdo con los importes fijados en la ordenanza fiscal vigente para el año 2024.

A Deputación Provincial da Coruña asumirá os gastos xerados polo uso das instalacións e servizos do Pazo de Mariñán por parte da Escola de Verán do Ministerio Fiscal, ata o importe máximo xa indicado. Inclúense no patrocinio os servizos comprendidos nas tarifas primeira (aloxamento), segunda (manutención soamente), terceira (cesión de locais e instalacións) e cuarta (servizos extra) do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, de acordo cos importes fixados na ordenanza fiscal vixente para o ano 2024.

En el caso de que los gastos fuesen superiores al importe citado, serán abonados por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A., después de la realización de la oportuna liquidación por parte de la Diputación Provincial de A Coruña, si bien la asunción de estos gastos por parte del Centro de Estudios Jurídicos, O.A. se realizará dentro del importe máximo de los 12.500,00 €

No caso de que os gastos sexan superiores ao importe citado, serán aboados polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A., despois da realización da oportuna liquidación por parte da Deputación Provincial da Coruña, se ben a asunción destes gastos por parte do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., se realizará dentro do importe máximo dos 12.500,00 € previstos na

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

previstos en esta cláusula.

Una vez concluidas las actividades objeto de este convenio, cada una de las partes justificará los gastos abonados mediante la oportuna certificación expedida por la persona adecuada a este efecto.

**Cuarta. Programa de las actividades formativas.**

El Centro de Estudios Jurídicos designará a propuesta de la Fiscalía General del Estado a la persona o personas que asumirán la dirección de la actividad, así como al resto de ponentes.

Los contenidos concretos de la actividad "Las funciones del Ministerio Fiscal en la defensa del interés y los derechos de los y las menores" serán propuestos por la persona o personas que asuman la dirección de la actividad formativa y deberán ser aprobados de común acuerdo de todas las partes.

**Quinta. Acreditación de la asistencia y participación en las actividades formativas.**

La asistencia y participación en las actividades de formación y perfeccionamiento que se realicen en los cursos de la "Escuela Verano del Ministerio Fiscal" se acreditará por medio de la expedición de diplomas o certificaciones, tanto de asistencia como de aprovechamiento, expidiéndose conjuntamente por todas las instituciones organizadoras.

**Sexta. Difusión de las ponencias resultantes.**

Si en el contexto de las actividades formativas se presentaran ponencias y/o mesas redondas escritas, podrá procederse a su inclusión en el Repertorio Jurídico-Científico del Centro de Estudios Jurídicos, colección de publicaciones en línea de acceso desde la página web del CEJ.

presente cláusula.

Una vez concluídas as actividades obxecto deste convenio, cada unha das partes xustificará os gastos aboados mediante a oportuna certificación expedida pola persoa adecuada para este efecto.

**Cuarta. Programa das actividades formativas.**

O Centro de Estudos Xurídicos designará, baixo proposta da Fiscalía Xeral do Estado, a persoa ou persoas que asumirán a dirección da actividade, así como o resto de relatores.

Os contidos concretos da actividade "As funcións do Ministerio Fiscal na defensa do interese e dos dereitos dos e das menores" serán propostos pola persoa ou persoas que asuman a dirección da actividade formativa, e deberán ser aprobados por común acordo de todas as partes.

**Quinta. Acreditación da asistencia e participación nas actividades formativas.**

A asistencia e participación nas actividades de formación e perfeccionamento que se realicen nos cursos da Escola de Verán do Ministerio Fiscal acreditarase por medio da expedición de diplomas ou certificacións, tanto de asistencia coma de aproveitamento, que serán expedidos conxuntamente por todas as institucións organizadoras.

**Sexta. Difusión dos relatorios resultantes.**

Se no contexto das actividades formativas se presentan relatorios e/ou mesas redondas escritos, poderase proceder á súa inclusión no repertorio xurídico-científico do Centro de Estudos Xurídicos, colección de publicacións en liña á que se pode acceder na súa web.

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Séptima. Comisión de Seguimiento del convenio.**

Con el fin de coordinar las actividades necesarias para la ejecución de este Convenio, así como para llevar a cabo su seguimiento, vigilancia y control, se creará una Comisión Mixta de Seguimiento compuesta por dos representantes de cada una de las partes, designados conforme a sus respectivas normas institucionales. La presidencia será asumida por uno de los representantes de la Fiscalía General del Estado.

La Comisión se reunirá a instancia de cualquiera de las partes firmantes, previa convocatoria de su Presidente, para examinar los resultados de la cooperación realizada.

La Comisión podrá recabar informes sobre las medidas, resultados e incidencias que se produzcan en relación con el objeto del presente Convenio y ejercerá las siguientes funciones:

Proponer la realización de cuantas actividades vayan dirigidas a la ejecución del objeto del presente Convenio. En la medida en que estas actividades comporten obligaciones y compromisos económicos, se articularán a través del correspondiente acuerdo de ejecución de este convenio, cumplimentándose los trámites preceptivos correspondientes por cada parte firmante.

Realizar el seguimiento de las actuaciones y de los trabajos realizados en desarrollo de las actividades previstas en el presente Convenio.

Estudiar y proponer, en su caso, las posibles revisiones de los compromisos asumidos.

Impulsar las funciones de coordinación entre las instituciones firmantes para la más adecuada consecución de los objetivos del Convenio.

Interpretar el Convenio y resolver cuantas

**Sétima. Comisión de Seguimento do convenio.**

Co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución deste convenio, así como para levar a cabo o seu seguimento, vixilancia e control, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento composta por dous representantes de cada unha das partes, designados conforme as súas respectivas normas institucionais. A presidencia será asumida por un dos representantes da Fiscalía Xeral do Estado.

A Comisión reunirase á instancia de calquera das partes asinantes, logo de convocatoria do seu presidente, para examinar os resultados da cooperación realizada.

A Comisión poderá reclamar informes sobre as medidas, resultados e incidencias que se produzan en relación co obxecto do presente convenio, e exercerá as seguintes funcións:

Propor a realización de cantas actividades vaian dirixidas á execución do obxecto do presente convenio. Na medida en que estas actividades comporten obrigas e compromisos económicos, articularanse a través do correspondente acordo de execución do convenio, cumprindo os trámites preceptivos correspondentes cada parte asinante.

Realizar o seguimento das actuacións e dos traballos realizados en desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio.

Estudar e propor, se for o caso, as posibles revisións dos compromisos asumidos.

Impulsar as funcións de coordinación entre as institucións asinantes para a máis adecuada consecución dos obxectivos do convenio.

Interpretar o convenio e resolver cantas

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dudas puedan surgir en su ejecución.

Esta Comisión, de acuerdo con lo establecido en el artículo 49.f) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, es el instrumento acordado por las partes para el seguimiento, vigilancia y control del Convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes y ejercerá sus funciones de acuerdo con lo establecido en los artículos 51.2.c) y 52.3 de la mencionada Ley.

**Octava. Vigencia y eficacia del convenio.**

Este convenio producirá efectos una vez inscrito en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal en los términos previstos en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público y extenderá sus efectos hasta el 31 de diciembre de 2024, quedando expresamente condicionadas las obligaciones contraídas a la existencia de crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de las instituciones en el ejercicio 2024. Asimismo, se publicará en el Boletín Oficial del Estado.

**Novena. Modificación y extinción del convenio.**

Este convenio podrá modificarse por acuerdo unánime de las partes a través de la suscripción de la correspondiente Adenda Modificativa.

Este convenio se extinguirá por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución del convenio:

dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión, de acordo co establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento acordado polas partes para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.2.c) e 52.3 da mencionada lei.

**Oitava. Vixencia e eficacia do convenio.**

Este convenio producirá efectos unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, nos termos previstos no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2024, quedando expresamente condicionadas as obrigas contraídas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos das institucións no exercicio 2024. Así mesmo, publicarase no *Boletín Oficial del Estado*.

**Novena. Modificación e extinción do convenio.**

Este convenio poderá ser modificado por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución do convenio:

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.
En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que se cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.
Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Imposibilidad sobrevenida de cumplimiento del objeto del convenio.

f) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

La resolución del convenio no afectará a la finalización de las actividades que estuvieran en ejecución, que deberán realizarse en el plazo improrrogable fijado por la Comisión de Seguimiento del convenio.

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento, por parte dalgún dos asinantes, das obrigas e compromisos asumidos.
Neste caso, calquera das partes lle poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.
Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.

f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do convenio.

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Décima. Naturaleza y régimen jurídico del convenio.**

Este Convenio tiene naturaleza jurídico-administrativa, se celebra al amparo de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

Las cuestiones litigiosas surgidas sobre la interpretación, ejecución, modificación, resolución y efectos que pudieran derivarse de la aplicación del presente convenio deberán solventarse de mutuo acuerdo de las partes en el seno de la Comisión Mixta de Seguimiento constituida conforme a lo previsto en la cláusula séptima. En el supuesto de cuestiones litigiosas que no hayan sido solucionadas por la Comisión Mixta de Seguimiento serán sometidas al orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

**Decimoprimera. Publicidad y transparencia.**

Este convenio se publicará en el Boletín Oficial del Estado y se inscribirá en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, de acuerdo con lo previsto en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. Asimismo, se publicará en el Portal de la Transparencia del Gobierno de España, de acuerdo con lo previsto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno (BOE de 10 de diciembre).

Este Convenio se publicará, de acuerdo con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de la Administración pública gallega. Así mismo, se incluirá en el Registro Público de Ayudas, Subvenciones y Convenios, de conformidad con el Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de

**Décima. Natureza e réxime xurídico do convenio.**

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e subscríbese ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que poidan derivar da aplicación do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo das partes no seo da Comisión Mixta de Seguimento constituída consoante o previsto na cláusula sétima. No suposto de cuestións litixiosas que non sexan solucionadas pola Comisión Mixta de Seguimento, estas serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

**Décimo primeira. Publicidade e transparencia.**

Este convenio publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e inscribirase no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, de acordo co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, publicarase no Portal da Transparencia do Goberno de España, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro).

Este convenio será publicado, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Administración pública galega. Así mesmo, incluirase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006.

orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

**Decimosegunda. Protección de datos.**

Las partes firmantes vendrán obligadas en materia de protección de datos a cumplir con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de Datos); con lo previsto en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, así como por las demás disposiciones vigentes sobre la materia.

Los/as titulares de los datos personales que sean objeto de tratamiento en virtud del presente convenio podrán ejercer los derechos previstos en la legislación aplicable en las correspondientes direcciones de las entidades firmantes.

Las partes firmantes del convenio manifiestan su consentimiento para que los datos personales que constan en este convenio, así como el resto de las especificaciones contenidas en el mismo, puedan publicarse en el Portal de transparencia y Gobierno abierto y en el Registro de Convenios de la Xunta de Galicia.

**Décimo segunda. Protección de datos.**

As partes asinantes estarán obrigadas en materia de protección de datos a cumpriren co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e mais co establecido na demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os/As titulares dos datos persoais que sexan obxecto de tratamento en virtude do presente convenio poderán exercer os dereitos previstos na lexislación aplicable nos correspondentes enderezos das entidades asinantes.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, se poidan publicar no Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Decimotercera. Relación entre las partes.**

La firma del presente convenio no supone relación laboral, contractual o de cualquier tipo entre los profesionales que vayan a desarrollar las actividades y las entidades que lo firman, de tal forma que no se les pueda exigir

**Décimo terceira. Relación entre as partes.**

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as entidades que o asinan, de tal xeito que non se lles poida esixir

CVE: zVEs9ePri2C1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

responsabilidad alguna directa ni subsidiaria por los actos o hechos acontecidos en el desarrollo del mismo.

De conformidad con todo lo expuesto y convenido, en el ejercicio de las atribuciones de que son titulares los firmantes, suscriben el presente convenio.

responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

De conformidade con todo o exposto e convido, e no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben o presente convenio.

Por la Xunta de Galicia
Pola Xunta de Galicia

**Diego Calvo Pouso**

Por la Fiscalía General del Estado
Pola Fiscalía Xeral do Estado

**Fernando Suanzes Pérez**

Por la Diputación Provincial de A Coruña
Pola Deputación Provincial da Coruña

**Valentín González Formoso**

Por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A.
Polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A.

**Laura Cambero Valencia**

**Asinado por:** GONZALEZ FORMOSO, VALENTIN
**Cargo:** PRESIDENTE (DIPUTACIÓN DE A CORUÑA)
**Data e hora:** 11/06/2024 11:36:00

**Asinado por:** CAMBERO VALENCIA, LAURA
**Cargo:** DIRECTORA DEL CEJ (CENTRO DE ESTUDISO JURÍDICOS)
**Data e hora:** 04/06/2024 14:41:16

**Asinado por:** CALVO POUSO, DIEGO
**Cargo:** Vicepresidente 1º e Conselleiro
**Data e hora:** 11/06/2024 14:03:54

**Asinado por:** SUANZES PEREZ, FERNANDO
**Cargo:** FISCAL SUPERIOR C.A. DE GALICIA (FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO)
**Data e hora:** 11/06/2024 12:58:39

CVE: zVEs9ePri2C1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve